



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Galego_ Xullo 2019

REHABILITACIÓN

Adxudícase a obra de adecuación da ala sur de San Domingos de Bonaval



Os órganos de administración do Consorcio de Santiago aprobaron a adxudicación da obra de adecuación da ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval para uso do Museo do Pobo Galego. A empresa adxudicataria é Bauen Empresa Constructora SAU, que realizará a obra por un orzamento global de 2.735.901,56 €, unha vez que nas vindeiras semanas se completen todos os trámites administrativos e se asine o correspondente contrato. A intervención vaise desenvolver durante 2020 e prevese que o novo espazo se inaugure de cara ao vindeiro Ano Santo 2021.

O Consorcio instalará un ascensor no edificio da cidade histórica sede do Conservatorio Histórico, do Ateneo e da Sociedad Económica de Amigos del País

O Consorcio de Santiago acaba de sacar a licitación a obra de instalación dun ascensor no edificio situado na Praza de Salvador Parga nº 4, na cidade histórica, que na actualidade é sede do Conservatorio Histórico, do Ateneo de Santiago e da Real Sociedad Económica de Amigos del País. A finalidade desta intervención é garantir a accesibilidade universal ás tres plantas do inmoble.

Por primeira vez terase en conta o fomento da formación para o emprego á hora de adxudicar a obra, co que o Consorcio se converte nun organismo pioneiro ao primar criterios de formación fronte á oferta económica, en aplicación da Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público.



EXPOSICIÓN

Arranca o proxecto expositivo “Imaxinando Compostela”

O Consorcio de Santiago deseñou o proxecto “Imaxinando Compostela”, unha serie de exposicións que se desenvolverán en diversos puntos da cidade no período 2019-2021, vencellado ao Xacobeo 2021 e comisariado por Mercedes Rozas. A arte, poesía, música e danza de creadores de distintas xeracións confluirán en espazos interiores e exteriores emblemáticos da cidade.

No marco deste proxecto, xa están en marcha dúas exposicións. Na Fundación Granell exhibese ata setembro a mostra *Figurando lembranzas*, con cadros de pintores galegos que estiveron exiliados ou emigrados en Latinoamérica. E na Casa do Cabido pode contemplarse ata principios de outubro *A paisaxe e a súa pegada*, na que catro fotografías amosan a súa particular visión da paisaxe do Camiño de Santiago e da cidade: Alberte Peiteavel, Javier Teniente, Sheila Pazos e Tino Viz.



MÚSICA

A Real Filharmonía de Galicia ofrece concertos gratuítos nos barrios

En setembro a Real Filharmonía de Galicia vai ofrecer tres concertos gratuítos en barrios da cidade, dirixidos por Paul Daniel: o 18 no centro sociocultural de Vite, o 19 no centro sociocultural de Fontiñas e o 20 na igrexa de Conxo. Esta iniciativa enmárcase no propósito da RFG de achegar a música clásica e a orquestra a todos os públicos.

A temporada de abono arrancará o 26 de setembro, baixo a batuta da directora portuguesa Joana Carneiro. O concerto repetirase o día 27 no Auditorio de Ferrol.